

A comisión solicitará, así mesmo, informe á Xunta de Persoal, que deberá emitilo no prazo de 20 días hábiles.

A comisión ditará resolución no prazo de dez días hábiles desde a recepción do informe da Xunta de Persoal ou, no seu defecto, desde que transcorreu o prazo para que se emitise.

#### *Disposición transitoria*

A cláusula establecida no número 5 deste acordo resultará de aplicación aos horarios vixentes no curso académico 2007/2008.

Segundo.-Retribucións do persoal subalterno que presta servizos nos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Con efectividade do 1 de setembro do ano 2008, as retribucións do persoal subalterno que presta servizos nos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria experimentarán un incremento de setenta euros mensuais no seu complemento específico.

Terceiro.-Retribucións do persoal auxiliar administrativo que presta servizos nos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Todos os postos de traballo dos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondentes a persoal funcionario clasificado no subgrupo C2, de nivel de complemento de destino 12, pasarán, con efectividade do 1 de setembro de 2008, a nivel de complemento de destino 14, o que implicará os correspondentes incrementos no complemento de destino e no complemento específico do persoal afectado.

Cuarto.-Comisión de seguimento.

Coa finalidade de asegurar a correcta aplicación e interpretación deste acordo, constituirase unha comisión de seguimento formada por representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das organizacións sindicais asinantes deste acordo.

Esta comisión, no mes de setembro, abordará a aplicación deste acordo ao persoal laboral que ocupe na relación de postos de traballo prazas de persoal funcionario en centros de ensino a través da negociación colectiva promovendo as modificacións retributivas que, en todo caso, terán efectos económicos do día 1 de setembro de 2008.

Esta comisión reunirse por solicitude de calquera das partes.

Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Laura Sánchez Piñón.

Polas organizacións sindicais:

-Pola CIG: Manuel Gallardo Canitrot.

-Por CC.OO.: Amparo Vites Miranda

-Por UGT: José Francisco. Núñez Rodríguez.

-Por CSIF: Rogelio Rojo Carrillo.

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

*Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se aproba o primeiro plan de inspección de eficiencia enerxética de instalacións térmicas na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia, regula o sistema de control da seguridade industrial na comunidade autónoma. No artigo 21 establécese que os plans e programas de inspección serán os instrumentos directores dese sistema, e tamén se dispón que será a consellería competente en materia de industria a que elaborará e aprobará os devanditos plans de inspección.

A ordenación da actividade administrativa da inspección de industria está desenvolvida no Decreto 219/2008, do 25 de setembro, sobre inspección de industria na Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 13 dispónse que a dirección xeral competente en materia de industria elaborará e aprobará, con carácter periódico, plans de actuacións inspectoras programadas, e se establece que o obxecto, contido e ámbito de actuación de cada plan se aprobarán mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de industria. Así mesmo, no artigo 14 establécese que os plans de inspección de seguridade industrial e de control do cumprimento regulamentario serán levados a cabo directamente polo persoal inspector ou, baixo a supervisión da Administración, a través das entidades legalmente habilitadas que para o efecto sexan requiridas.

Con respecto ás entidades legalmente habilitadas, hai que sinalar que están reguladas no Decreto 426/2001, do 15 de novembro, polo que se regulan os organismos de control en materia de seguridade industrial e control regulamentario e se crea a Comisión de Coordinación de Seguridade Industrial de Galicia. En concreto, no artigo 10 establécese que os organismos de control autorizados poderán verificar o cumprimento de carácter obrigatorio das condicións de seguridade de produtos e instalacións industriais establecidas nos correspondentes regulamentos de seguridade industrial.

Por todo o exposto, en uso das atribucións que me foron concedidas

### *DISPOÑO:*

Artigo 1º.-*Obxecto.*

De acordo co disposto no artigo 21 da Lei 9/2004 e no artigo 13 do Decreto 219/2008, o obxecto desta orde é aprobar o primeiro plan de inspección de eficiencia enerxética de instalacións térmicas na Comunidade Autónoma de Galicia, que terá vixencia ata o 30 de agosto de 2009.

Artigo 2º.-*Obxectivos do plan de inspección.*

O plan está enmarcado dentro das actuacións en materia de aforro, diversificación enerxética e respecto ao medio natural, e ten como obxectivos coñe-

cer a situación das instalacións térmicas de máis de 15 anos de antigüidade e valorar as posibles mellores encamiñadas a lograr unha maior eficiencia enerxética.

*Artigo 3º.-Establecementos, instalacións e equipamentos incluídos no plan de inspección.*

As instalacións que se van inspeccionar serán aquelas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia de máis de 15 anos de antigüidade (contados a partir da data de emisión do primeiro certificado da instalación) e que teñan unha potencia térmica nominal instalada superior a 70 kW (en frío ou calor).

*Artigo 4º.-Órganos competentes no exercicio da función de inspección.*

Tal como se dispón no artigo 12 da Lei 9/2004, a consellería competente en materia de industria é a encargada de levar a cabo a inspección de industria, entendida como a actividade pola cal a consellería, cos medios de seu ou a través da colaboración de entidades legalmente habilitadas, realiza a supervisión, o control e a vixilancia dos distintos establecementos, instalacións e produtos industriais.

*Artigo 5º.-Dotación de medios persoais e materiais destinados ao desenvolvemento do plan de inspección.*

En cumprimento do previsto no artigo 14 do Decreto 219/2008, o plan de inspección será levado a cabo directamente polo persoal inspector da consellería competente en materia de industria ou, baixo a supervisión dela, a través das entidades legalmente habilitadas que estean debidamente autorizadas de acordo co previsto no Decreto 426/2001 nos correspondentes campos de actuación, e que para o efecto sexan requiridas.

En todo caso, a consellería exercerá as funcións de supervisión e control das inspeccións ordenadas ás entidades legalmente habilitadas na execución deste plan. Para tal fin o persoal técnico da consellería poderá estar presente naquelas inspeccións que considere oportuno e, unha vez realizada a inspección, levar a cabo as comprobacións posteriores que crea necesarias.

*Artigo 6º.-Instrucións para as entidades legalmente habilitadas.*

As entidades consideradas no artigo 5º desta orde deberán desenvolver as seguintes tarefas:

a) Contactar cos titulares das instalacións.

b) Realizar a inspección da instalación térmica completa segundo o establecido na instrución técnica 4 (IT 4) do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (en diante RITE) aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo:

-Inspección de todo o sistema relacionado coa existencia de eficiencia enerxética regulada na instrución técnica 1 (IT 1) do RITE.

-Inspección do rexistro oficial das operacións de mantemento que se establecen na instrución técnica 3 (IT 3) do RITE para a instalación térmica completa, e comprobación do cumprimento e adecuación do Manual de uso e mantemento á instalación existente.

-Elaboración dun ditame coa finalidade de asesorar o titular da instalación respecto na mellora da eficiencia térmica e á posibilidade de incorporación de enerxía solar. As medidas técnicas estarán xustificadas baseándose na súa rendibilidade térmica, ambiental e económica, e incluírase información sobre as subvencións existentes para levalas a cabo.

c) Informar o titular da instalación das liñas de axuda que existen para a execución das medidas de aforro enerxético e implantación de enerxía solar térmica recomendadas no ditame realizado.

d) Emitir un certificado de inspección segundo o modelo oficial que estea vixente, no cal se recollan os defectos encontrados clasificados segundo o indicado no artigo 33 do RITE, e no que se cualifique a instalación segundo o establecido no artigo 32 do RITE.

e) Enviar o órgano competente da comunidade autónoma o certificado de inspección dentro dos prazos establecidos no artigo 32 do RITE.

f) Elaborar un informe mensual que conteña, como mínimo, os seguintes datos: instalación, titular, data de inspección, inspector, defectos detectados e a súa clasificación. Ademais, entregarase un informe final de todas as inspeccións realizadas, que serán como mínimo 500.

*Artigo 7º.-Duración temporal e ámbito xeográfico.*

O plan estará vixente desde a entrada en vigor desta orde ata o 30 de agosto de 2009, sendo o ámbito xeográfico a Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Disposicións derradeiras*

*Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral con competencias en materia de industria para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

*Segunda.-Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2009.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conse lleiro de Innovación e Industria